

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. De conformidade co seu artigo 1 a Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, ten por obxecto:**

- A) Regular as actuacións básicas do Sistema Nacional de Saúde, así como os dereitos e deberes dos cidadáns con respecto ás administracións públicas sanitarias.
- B) A creación do Sistema Nacional de Saúde e a regulación xeral dos recursos sanitarios públicos.
- C) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde recoñecido no artigo 43 e concordantes da Constitución.
- D) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde e a un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns.

**2. De conformidade co artigo 1 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:**

- A) Todos os españois residentes no territorio nacional e en situación de alta na Seguridade Social.
- B) Todos os españois.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia na Unión Europea.
- D) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.

**3. De conformidade coa normativa de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, nun concurso–oposición, a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder de:**

- A) O trinta por cento da puntuación máxima acadable na fase de oposición.
- B) O trinta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- C) O corenta por cento da puntuación máxima acadable na fase de oposición.
- D) O corenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.

**4. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, entenderase como “condición de traballo”:**

- A) Calquera peculiaridade da actividade laboral con influencia relevante na saúde do traballador.
- B) Calquera peculiaridade da actividade laboral especificamente prevista na normativa regulamentaria.
- C) Calquera característica do traballo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e a saúde do traballador.
- D) Calquera característica dos locais, instalacións e equipos do lugar de traballo.

**5. O Servizo Galego de Saúde:**

- A) Forma parte do Consorcio Galego de Servizos sociais e Sanitarios.
- B) Non conta con patrimonio propio.
- C) Está adscrito ao Consello da Xunta.
- D) Ten personalidade xurídica propia.

**6. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, cal dos seguintes complementos está destinado a retribuír o nivel do posto que se desempeña?**

- A) Complemento de carreira.
- B) Complemento de produtividade.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento específico.

**7. O Sistema público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en:**

- A) Áreas de saúde e zonas básicas de saúde.
- B) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- C) Áreas de xestión integrada e comarcas sanitarias.
- D) Áreas de atención hospitalaria e distritos de atención primaria.

**8. De conformidade co seu artigo 1, constitúe o obxecto da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:**

- A) A creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a regulación xeral das accións e os recursos públicos dirixidos á protección e asistencia fronte á violencia de xénero.
- B) Regular as actuacións básicas da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de sensibilización e prevención fronte á violencia de xénero.
- C) A adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren.
- D) Regular as actuacións básicas da Xunta de Galicia en materia de violencia de xénero, así como os dereitos e deberes dos cidadáns en relación con esa materia.

**9. Un aspirante é seleccionado nun concurso–oposición e nomeado persoal estatutario fixo. Pola súa falta de dilixencia, e sen causa xustificada, non se incorpora ao destino adjudicado no prazo establecido (1 mes). Atendendo ao previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, que consecuencia terá para ese aspirante?**

- A) A inhabilitación, durante dous anos, para presentarse a outro proceso selectivo no Servizo Galego de Saúde.
- B) O decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia dese concreto proceso selectivo.
- C) O seu pase á situación de excedencia voluntaria por un período mínimo de 2 anos.
- D) A prórroga automática e excepcional, por outro mes, do prazo de toma de posesión.

**10. De conformidade co artigo 5 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal estatutario clasifícase atendendo a:**

- A) A función desenvolvida, o nivel do posto que se desempeña e o tipo do nomeamento.
- B) O nivel do título que se posúe, a situación administrativa e o tipo de nomeamento.
- C) A función desenvolvida, a situación administrativa e o nivel do título esixido para o ingreso.
- D) A función desenvolvida, o nivel do título esixido para o ingreso e o tipo de nomeamento.

**1. Segundo o artigo 11 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, cal das seguintes é unha obrigación dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario?**

- A) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- B) Elixir o médico e demais sanitarios titulados.
- C) Elixir, entre as opcións propias do caso, os medicamentos necesarios para restablecer a súa saúde.
- D) Formalizar un documento de instrucións previas.

**2. Entre as seguintes, indique cal NON é unha situación administrativa do persoal estatutario:**

- A) Excedencia especial en activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Servizo activo.
- D) Excedencia por servizos no sector público.